

**ACTA**

<b>Expediente nº:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
JGL/2022/35	A Xunta de Goberno Local

<b>DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN</b>	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Extraordinaria
<b>Data</b>	30 de novembro de 2022
<b>Duración</b>	Dende as 13:11 ata as 13:24 horas
<b>Lugar</b>	Sala de Reunións
<b>Presidida por</b>	Manuel Cuiña Fernández
<b>Secretaria</b>	Déborah García Suárez

<b>ASISTENCIA A SESIÓN</b>	
<b>Nome e Apelidos</b>	<b>Asiste</b>
Angela Troitiño Gil	SÍ
Antonio Ferro Losada	SÍ
Jesús Taboada Lázara	SÍ
Mónica González Conde	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, o Presidente abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

**A) PARTE RESOLUTIVA**

<b>Aprobación da acta da sesión anterior: 16.11.2022</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento
A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta: - 16 de novembro de 2022.	

**Aprobación da acta da sesión anterior: 24.11.2022**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta: - 24 de novembro de 2022.

**Expediente 1724/2022. Solicitud de Prestación de Servizos Sociais. Solicitud de Axuda de Emerxencia Social**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Visto o informe da educadora social con data 03 de novembro, respecto da situación de vulnerabilidade social e económica dunha familia ucraína residente no noso concello valórase a necesidade de prestar apoio económico para axudar a facer fronte ós gastos eléctricos da vivenda.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, ACORDA:

Primeiro.- Conceder en concepto de axuda de emerxencia social a axuda consistente no pago dunha factura da luz da vivenda na que reside a persoa interesada en réxime precario.

Segundo.- Aprobar o pago delegado a Dona M.T.R.I., propietaria do inmovible que fixo fronte ó pago da factura número F2022047299 por importe de 61,74 € con cargo á aplicación presupostaria correspondente.

Terceiro.- Comunicar á persoa interesada a concesión da axuda.

Cuarto.- Dar conta do presente acordo ao departamento de intervención para que efectúe os pagos da axuda concedida.

**Expediente 1749/2021. Subvencións Directas ou Nominativas**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Visto, que con data 18 de novembro de 2022, o Sr. José Luís Gómez Pérez, con DNI \*\*\*\*\*, con domicilio a efectos de notificación en Redondo, 8 Villar (36543) Silleda, presenta solicitude con cargo ás Axudas Municipais á Creación de emprego de acordo coas Bases e convocatoria 2022.

Visto que, achega a documentación solicitada polas Bases de Axudas Municipais á Creación de Emprego

Visto que, de acordo co baremo do apartado 1.4 das Bases a persoa solicitante obtén as seguintes puntuacións:

- Alta no Réxime Especial de Traballadores por Conta Propia: 900€

Vista a validación da intervención Municipal.

A Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, ACORDA:

1º Conceder ao Sr. José Luís Gómez Pérez, por alta Réxime Especial de Traballadores por Conta Propia ou Autónomos a subvención solicitada con cargo ás Axudas Municipais á Creación de emprego de acordo coas Bases e convocatoria 2022 que en función da puntuación obtida recoñéceselle un importe de 900€.

Esta subvención, deberá xustificarse dentro do prazo de seis meses dende a data da concesión aportando os documentos que se especifican na base 4ª.

Tal como indican as bases, no artigo 1.4, a finalidade da axuda é subvencionar ata o 50% dos gastos da posta en marcha e do funcionamento da empresa durante os primeiros meses da actividade.

Os gastos subvencionables corresponderán aos realizados dende o 1 de outubro de 2021 ata 30 de novembro de 2022.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE**